

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARIÑO

Rectificación de bases do proceso selectivo de educación familiar

Por medio do presente faise público, a efectos de xeral coñecemento, o Decreto da Alcaldía 89/2019, do 06/03/2019, de rectificación das bases do proceso selectivo de educador/a familiar, publicado no BOP n.º 40, do 26/02/2018:

Visto que mediante Resolución da Alcaldía 68/2019, do 21/02/2019, apróbanse as bases e a convocatoria para a selección, como persoal laboral temporal, de un/unha educador/a familiar, publicándose anuncio no BOP n.º 40, de 26/02/2019, e rematando o prazo de presentación de instancias o 06/03/2019.

Visto que en data 01/03/2019 a representación do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia interpón recurso de reposición contra as meritadas bases, alegando que se modifique a base 5.b.l) sobre o requisito académico, pasando a ser estar en posesión do título de diplomatura/grao en Educación Social ou de habilitación profesional como educador/a social recoñecida por un colexio profesional de educación social.

Vista a sentenza n.º 187/2014, de data 05/09/2014, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Lugo no que se indica, entre outros motivos, que cabe afirmar que cando non haiba coincidencia entre a denominación do posto a desempeñar e a titulación previamente existente, procede a aplicación do principio de idoneidade, principio que opera no ámbito de exercicio da potestade de auto-organización.

En base ao anteriormente exposto

RESOLVO:

PRIMEIRO.–Estimar o recurso de reposición interposto en data 01/03/2019 pola a representación do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia interpón recurso de reposición contra as bases e a convocatoria para a selección, como persoal laboral temporal, de un/unha educador/a familiar, en base ao alegado polo interesado.

SEGUNDO.–Rectificar, o apartado 5.b.l) das meritadas bases, sobre o requisito académico, pasando a ser estar en posesión do título de diplomatura/grao en Educación Social ou de habilitación profesional como educador/a social recoñecida por un colexio profesional de educación social.

TERCEIRO.–Publicar o presente decreto no BOP e na páxina web municipal, concedendo un novo prazo de 5 días hábiles para a presentación de instancias, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP

Cariño, 6 de marzo de 2019.

O alcalde

José M. Alonso Pumar

2019/1806